


RIBADEO



BANDA
MUNICIPAL

ASOCIACIÓN
AMADORES DA MÚSICA

ACADÉMIA DE MÚSICA

«CARLOS A. FDEZ.-CID»

Editorial

UN ANO DESPOIS



A BANDA, DIANTE DO PAZO MUNICIPAL, HORAS ANTES DA SUA APRESENTACION EN CONCERTO O 25 DE XANEIRO DO 92.

Estoutro día, o 25 de Xaneiro, fixo un ano que a Banda —a vosa Banda: sócios, amigos, lectores todos— se presentaba ao público en concerto; houbo algunha vez tanta xente na Párroquia de Ribadeo como no serán daquel frío sábado de Xaneiro de hai un ano? É que lle tanxíamos ao cabo a corda a unha esperanza aprazada, calada trinta anos: Ribadeo volvía ter Banda. No programa de man do primeiro concerto alguén escribera: «Cabería a cita do poemario de Fernández Retamar *Temos construído unha alegría esquecida* se non for porque Ribadeo nunca esqueceu a súa Banda, esa alegría agora reconstruída». Ribadeo, o Ribadeo musical de décadas, agardaba a Banda. Agardábana quenes lembraban os sons da vella e agardábana os máis novos, criados na afeición á música, singularidade ribadense. A nota daquel programa remataba: «Estimamos recoller o sentir dun Ribadeo tradicionalmente musical se constatamos nestas páxinas unha lembranza histórica para os músicos (presentes e ausentes) que pertenceron á Banda Municipal de Ribadeo, que pechou os seus atris hai máis de trinta anos. Saiban quen foron os Directores, don Emílio Carricoba, don Salvador Calatayud, don Carlos A. Fdez.-Cid, don Jesús Pérez Rivas, que o seu labor cultural e social de entón retomouse agora en Ribadeo con vocación de futuro».

Niso andamos, no traballo e no futuro. Foi o ano do emotivo debu, mais nomeadamente

foi o ano da consolidación, de batir o cobre até curtirse. Xa tocamos coa Polifónica (o Día das Letras) e co Coro «Airiños,,,» (por Santa Cecília); no verán, fixemos vibrar de novo a cúpula do palco do Parque; acompañounos un piano!; tocamos jazz...

Infraestrutural e organizativamente (sexamos prosaicos por un intre), déronse significativos pasos. O convenio co Concello (a Banda chámase xa Banda Municipal de Ribadeo) estabiliza financeiramente o proxecto global: o director é fixo do Concello e a Asociación pode entón destinar os seus recursos monetarios (as vosas cuotas, nosos sócios; cartos de Compostela ou de Madrid non dan vido: a ver se este ano, por un aquel...) a equipamento, á actividade. *Verbigratia*: aquí vos vai outro número do Boletín.

Hai máis. Boa parte dos instrumentistas da Banda seguen xa con regularidade estudos oficiais de música; ou sexa, que van en serio. Máis: hai máis pequenos (e uns cantos adultos) lendo solfexos; a canteira instrumental aumentou o ruído ambiental: hai unha dúcia soprando madeiras e metais para unha ampliación da prantiña...

Vale por hoxe. Van ir moitos outros Boletíns. Só unha outra cousa, un desexo: que o concerto de aniversario do 13 de Febreiro do 93 lles praza máis aínda que o do 25 de Xaneiro de 1992.

Temporada 93:

AVANCE DE PROGRAMACION

Coa axuda de Caixa Galicia e do Concello de Ribadeo, entidade e institución ás que reite-ramos o agradecimien-to, ven de sair do prelo, coincidindo, ao igual que o presente número do Boletín, co concer-to de aniversario da Banda, un folleto con información de avance sobre os programas que a Municipal ofere- cerá en concerto no próprio Ribadeo na temporada 93. A suli- ñar o monográfico de música relixiosa para a Páscoa e o concerto de Xullo co gallo das Xor- nadas Culturais galego- inglesas «Mar por mé- dio», pola altura das obras a interpretar, non comuns nas Bandas do país: a *Música masóni- ca* de Mozart, a *Pompa e circunstancia* de El- gar, obras contemporá- neas de Willy Hautvast, etc.


'93

Entrevista

MANUEL CORTÉS, TENOR RIBADENSE

Queríamoslle realizar unha entrevista comun a Manuel Cortés, tenor. Preparáramos un guión, un esquema de cuestionário. Cortés (Manolo, permitíranos a pila) acudiu britanicamente á cita. Nen entrevista, nen cuestionário, nen acotación algunha pola nosa banda, a non ser a demanda do seu ano de nacemento: 1904, Ribadeo. Isto é, entón, a testemuña emocionada (un resume obrigado) dun home extraordinario, de quen tería protagonizado intres estelares do teatro musi- cal en España se a Historia tivera sido como a merecían el e tantos outros, e non como lles tocou.

Cortés é tan humilde ("A min lioume o Choupin; poñede pouca cousa: sempre quixen pasar desapercibido") que nen sequer o dimos convencido para lle sacar unha fotografía actual, brin- guelo, elegantemente tocado cunha boina daqui. Somentemente non poderemos reproducir nestas planas as moitas pasaxes de óperas e zarzuelas do repertório que Cortés, emocionado na lem- branza, cantou entre parrafada e parrafada. "La, La, La... Si bemol, Si bemol... El Si: salía de escena sosteniendo la nota. Que hermoso era aquello".



MANUEL CORTÉS, MOZO, CANDO COLLEITABA ÉXITOS COMO PROMESA DA ZARZUELA E DA ÓPERA.

Le contaré una anécdota que me ocur- rió en Barcelona, para que vea como soy yo. Habíamos acudido allí con una com- pañía de zarzuela. (Por cierto, *Katiuska* se estrenó antes en Barcelona que en Ma- drid). Bien, hicimos el ensayo general la víspera del comienzo de las representa- ciones. El día del debú, cuando vi mi nom- bre escrito en el cartel de la fachada del

teatro con unas letras así de grandes, me impresioné tanto que salí corriendo por la calle abajo. Por eso que yo no soy hom- bre de mucho figurar".

De chaval escuchaba a Fleta... Ha oído usted algo de Fleta? (Negamos coa cabeza, claro é). "Qué bien cantaba Fle- ta! Bueno, pues yo lo imitaba. Cantaba por la calle las arias que escuchaba en los viejos discos de Fleta. Yo había comenza- do a trabajar con el consignatario de bu- ques del Ribadeo de entonces, don Eduar- do García. El convenció a mi padre de que me dejara ir a Madrid a probar como can- tante. Primero mi padre no se lo tomaba en serio. Pero al final mi jefe me llevó. Iba para unos ocho días, a probar... No vol- ví a Ribadeo hasta año y medio después".

En Madrid me presentaron ante el maestro don Ignacio Tabuyo, profesor del Real Conservatorio. Don Ignacio me hizo cantar, y al acabar me dijo: "Manuel, ¿quiere usted estudiar?" "Maestro, yo..." "Debe usted estudiar", concluyó el que fue entonces mi profesor".

La Comarca do 8 de Decembro de 1929 faise eco dun dos primeiros triunfos de Manolo Cortés na vila e corte, no Círculo das Artes: "Para nuestro paisano y ami- go fueron las mayores ovaciones de la jornada. Su éxito fue tan grande que hubo

Mesón

ANDARICA

Muelle de Porcillán • Teléfono 110 684 • RIBADEO

eomatica

C/ San Miguel, 16 - 1º
Teléfono/fax (9827) 13.02.64
27700 RIBADEO (LUGO)


SERVICIOS
INFORMATICOS

de cantar fuera de programa: "Veti la giubba", de Pagliacci; "O Paradiso", de La Africana, y una composición escrita expresamente para él, música de su profesor y letra del Sr. Secretario del Círculo". A continuación, o semanario local recolle frases de elóxio a Cortés de toda la prensa de Madrid: ABC, El Sol, La Nación, La Voz de Madrid, La Libertad e Informaciones.

Siempre me gustó la interpretación, no sólo cantar. Porque entonces, y ahora también, había muy buenas voces, pero no todos dramatizaban. A mí me gustaba meterme en el personaje. (Hasta hice un papelito en una película). Además, yo, en los ensayos, nunca lo daba todo. Me creía ante el patio de butacas, y eso que he actuado en teatros de mil y pico localidades, abarrotados, y eso impone, vaya si impone. Una hora o dos antes de la función me encerraba en el camerino después de pedir un expres concentrado y pasaba mentalmente toda la obra".

Aquello era terrible para una persona como yo, sensible. Un día hacías una zarzuela y al siguiente tenías que cantar una ópera. Cuarenta o cincuenta obras diferentes he llegado a preparar. Y de memoria, porque sólo había podido aprender un poco del Solfeo de Hilarion Eslava, en clave de Sol. Y no una sola función un día o dos a la semana, como los divos de ahora, sinó que hasta tres diarias todos los días de la semana! Me iba para la pensión después de las dos de la mañana; a las cuatro del día siguiente, o antes, ya estaba en el teatro. Antes no había micros; ahora, ya ve, todo está amplificado. Y nadie hace las cosas que hacía Fleta, aquellos filados..."

Recorrí con diversas compañías toda España. Recuerdo especialmente las actuaciones en Canarias, en



A ESTREA DE KATIUSKA EN MADRID, NO 1932. MANUEL CORTÉS É O SEGUNDO POLA DIREITA

Valladolid... El estallido de la guerra nos cogió en Santiago, en el Principal. Me vine para Ribadeo, a descansar, pensando que aquello era cosa de ocho días: Dios!, duró tres años... Teníamos firmado un contrato para el Teatro Colón de Buenos Aires".

No quise volver. Aquello era muy duro. Me había echado novia aquí".

Cortés confesa que tanto como o lírico, góstalle o sinfónico. Lembra os abonos do Real. Hoxe segue diariamente a clásica por Rádio Nacional. Cando conviñemos a «entrevista», tíñamoslle anticipado o noso interese pola figura de Pablo Sorozábal, o autor de Katiuska, obra no repertorio da Banda Municipal desde o comenzo da sua andaina. Manuel Cortés coñeceu persoalmente a Sorozábal, non en valde participou na estrea madrileña de Katiuska, no Teatro Rialto, en 1932:

Recuerdo a Sorozábal en Madrid, en una cafetería cercana a la Puerta del Sol a la que nos había invitado. Estaba desesperado el hom-

bre por que no encontraba teatro para el montaje de Katiuska: «Si me dan ahora cincuenta mil pesetas, vendo la partitura». Al final la pudimos hacer en el Rialto, que antes había sido cine. Cantamos Marcos Redondo, Conchita Panadés y yo. Tuvo muchísimo éxito. Era rarísimo, Sorozábal. Un anticlerical tremendo"

Mostrámoslle a Manolo un exemplar do libro de memórias de Sorozábal. Folleao. Perante unha foto da estrea de La del manojo de rosas, sinalando a un membro do cadro, di: «Este soy yo, mira que pinta tenía».

Cortés tira do peto un libro máis vello e desde logo de maior interese emotivo que o noso: o libreto de Katiuska cunha dedicatória dos autores ao tenor. Efectivamente, Manuel Cortés, tenor ribadense, é un ser humilde e sensíbel: «Cuando no duermo, paso de memoria, mentalmente, una zarzuela entera. Canto, por ejemplo, Doña Francisquita. Quisiera olvidar, pero no puedo. Cuando tocaron ustedes Katiuska el día de su debú, se me vinieron las lágrimas a los ojos. Aquellos chavales, en tan poco tiempo... Sigán trabajando».

CAFETERIA • PUB

ROSA-LAR

Teléfono 110 637 • RIBADEO

RESTAURANTE

Casa FOGUETE

Teléfonos 13 10 26 - 13 10 30 • VILLAFRAMIL - RIBADEO

Imaxes da Música en Ribadeo



A Banda Municipal de Ribadeo no 1948, na pista descuberta do Rosa-Lar. O Director, Carlos A. Fdez.-Cid. Á marcha de Jesús Pérez Rivas, Cid dirixiu a Banda durante oito meses con carácter provisório, entanto non era designado un Director do Corpo Nacional e que viría ser, máis logo, Salvador Calatayud.

Fe de erratas

«ANALISE CONTABLE DA SOCIEDADE»

No anterior Boletín informativo (n.º 2), unha vez publicado, no «ANALISE CONTABLE DA SOCIEDADE» foron detectados os seguintes erros de imprenta, que convén aclarar para un bó entendemento das contas da Asociación.

1.- Na columna ANTES DE 1992 / INGRESOS, aparecía, como subvención, o seguinte:

Asociación de	40.000
Comerciantes	225.000

Na realidade, debiera figurar:

Asociación de Comerciantes	40.000
Javier Iglesias García	225.000

2.- A eliminación das columnas suplementarias para o desglose de ingresos por subvencións e gastos de material, fai que as subven-

cións aparezan duplicadas, o mesmo que sucede cos gastos de material. Así, a liña:

Total Subvencións	2.050.000
-------------------------	-----------

é a suma das subvencións que aparecen referidas nas liñas anteriores. Por outra beira, a liña:

Material Banda	2.088.242
----------------------	-----------

é o resumo de tódolos gastos de material referidos por riba dela, o mesmo que sucede na que atribúe ó material de banda en 1992 un gasto de 2.121.928 pts,

3.- O último erro detectado refírese á liña:

TOTAL INGRESOS	10.5829.296
----------------------	-------------

onde, obviamente, deberá figurar:

TOTAL INGRESOS	10.589.296
----------------------	------------

OVIEDO BAR

RESTAURANTE
HOTEL

C/ Amando Pérez, 5 • Teléfonos 11 00 35 - 11 01 31 • RIBADEO

PIZZERIA
RESTAURANTE
OS PEGOS
 C/ Ingeniero Schultz, 4 - Tel. 13 07 66
 RIBADEO

MENU A LA CARTA
 PLATOS COMBINADOS

Especialidad en:
 Pizzas y pastas • Paellas
 Carnes al ladrillo